



### Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tif. 988 385 203 Tif/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

**AURENTINO ALONSO ARAUJO**, deputado do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e ó Regulamento da Corporación, presenta unha **MOCIÓN SOBRE A SITUACIÓN DO HOSPITAL COMARCAL DE VALDEORRAS E A SANIDADE NO RURAL DA PROVINCIA DE OURENSE**.

O Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, sitúa entre os seus obxectivos centrar a atención no paciente e garantir a equidade, accesibilidade, continuidade, calidade e seguridade da atención.

Con esta estrutura organizativa o Goberno do Partido Popular, presidido por Alberto Núñez Feijoo, decidiu apostar por un modelo de xestión concentrado nas capitales, creando, entre outras, a Area Integrada de Ourense e suprimindo de feito a área sanitaria propia que tiña Valdeorras. Esta integración, cualificada como un erro por parte da meirande parte dos profesionais da sanidade, foi minguando pouco a pouco a calidade e a cantidade dos servizos prestados no hospital do Barco, cunha progresiva centralización dos mesmos en Ourense capital, provocando que cada vez se solucionen menos problemas sanitarios no propio hospital do Barco e obrigando aos veciños e veciñas de Valdeorras a custosos, penosos e longos desprazamentos. Todo elo sumado á incerteza que se xera coas continuas situacións de inactividade nas diferentes especialidades pola falta de facultativos.

Non fai moito tempo, mais de 35 profesionais da medicina do hospital comarcal de Valdeorras elevaron as súas queixas ao Presidente da Xunta, polo que consideraban un desmantelamento do centro hospitalario, cansados xa de protestar sen atopar solucións tanto na xerencia do propio hospital como na da Area Integrada. Contando ámbalas dúas xerencias coa complicidade muda da Consellería de Sanidade.

Esta situación de desatención e decadencia, que empezou a manifestarse a partir do ano 2013, é constatada e sufrida polos usuarios e foi denunciada de xeito reiterado polo Partido Socialista, sendo tachados polo Partido Popular de alarmistas e electoralistas. En varias ocasións a poboación de Valdeorras saíu á rúa a manifestarse demandando dos distintos Conselleiros de Sanidade e do Presidente da Xunta de Galicia a solución aos problemas que arrastra o hospital comarcal e reclamando, como mínimo, un trato semellante ó que se lle dá ó resto dos hospitais galegos.

Prazas sen cubrir, servizos básicos que contaban con tres facultativos e hoxe non contan con ningún, parálises de servizos polo continuo movemento dos especialistas que, en ocasións só permanecen no seu posto quince días, noutras non chegan a incorporarse á súa praza, e noutras son trasladados do hospital do Barco para atender necesidades no complexo hospitalario de Ourense. Sen especialistas de rehabilitación, de uroloxía, de dermatoloxía, de medicina preventiva. Con servizos en precario, como pode ser pediatría, na que, onde antes había tres especialistas hoxe só queda un, ou cirurxía, que contaba con catro especialistas e só quedan dous, ou a situación da hospitalización a domicilio, que, fai uns meses foi pechada temporalmente, e que só atende a pouco máis do 30% do



### Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

territorio, deixando sen atención o 70% restante. E, o último episodio a sumar ao cúmulo de despropósitos, a recente cancelación de tódalas operacións programadas por falta de cirurxiáns e a derivación a Ourense das programadas que non podían esperar, porque o departamento de cirurxía só contaba cun cirurxián con redución de xornada e outro de baixa.

Á xestión mercantilista coa que a Consellería de Sanidade está a tratar a sanidade, hai que engadirlle a situación en precario na que se atopa a atención primaria do rural, non só da zona de Valdeorras, senón de toda a provincia de Ourense, con supresión de prazas, con varios concellos nos que só queda un médico, con médicos de familia con dobre axenda, con concellos con prazas compartidas onde nunca antes as houbera, con baixas e vacacións tanto de médicos de medicina xeral como de pediatría que non se cobren, e mesmo cun médico de garda para cubrir un territorio de 500 km<sup>2</sup>.

Polo exposto, e ante a gravidade da situación de deterioro na que se atopa o Hospital Comarcal de Valdeorras e a sanidade no rural da provincia de Ourense, o Grupo Socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1.- Instar ó Conselleiro de Sanidade a que tome as medidas urxentes necesarias para que o Hospital Comarcal de Valdeorras volva a ser un hospital resolutivo, cos servizos, dotación de persoal e dotación material necesarios para garantirlle á poboación a equidade, a accesibilidade, a continuidade, a calidade e a seguridade da atención hospitalaria que merece.

2.- Instar ao Conselleiro de Sanidade a que tome as medidas urxentes necesarias para dotar aos centros de atención primaria cos recursos humanos e cos medios materiais que se precisen para acadar unha atención de calidade e de proximidade.

En Ourense, a 14 de novembro de 2019

Asinado: Aurentino Alonso Araujo

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**